

CONSELLO TERRITORIAL DO VAL

Data: 24 de novembro de 2025

Lugar: CCS de Piñeiros

Hora de comezo: 16:40 h

Hora de remate: 18:00 h

CONVOCATORIA E ASISTENCIA

Están convocadas, ademais das persoas designadas por cada grupo municipal para este barrio, as entidades asociativas rexistradas na zona.

Asisten ao Consello Territorial as seguintes persoas do tecido asociativo e dos diferentes grupos políticos da Corporación:

- Olga Ameneiro López (Concelleira de Participación) Presidenta do Consello Territorial
- Pablo Mauriz Romero (Terra Galega - Concelleiro de Mobilidade, Urbanismo, Obras e Infraestruturas Públicas, Persoal e RRHH)
- Olaia Ledo Díaz (Bloque Nacionalista Galego)
- Pedro (Partido Popular)
- Silvia de Arriba Fernández (Partido dos Socialistas de Galicia)
- Javier Castro Fernández (Asociación Traballadores Pensionistas)
- Isabel Castro Espiñeira (Secretaría da Asociación Veciñal do Val)
- Rocío Coira Fernández (Asociación Ntra Señora Chamorro)
- Manuel Corral (Veciño do Val)
- Manuel López González (Veciño do Val)

Xunto con Andrea Rico Adegas en calidade de equipo técnico da Escola de Participación Cidadá e Secretaría Técnica do Consello Territorial.

Benvida e apertura

Olga Ameneiro dá a benvida a todas as persoas participantes e explica o sentido deste Consello territorial de outono.

Preséntase a axenda e o sentido da sesión.

ORDE DO DÍA

1. Benvida, presentación do Consello territorial e rolda de presentación.

2. Punto informativo sobre varios asuntos de interese para as entidades.

- Regulamentos relacionados co asociacionismo e a participación en Narón:
 - Regulamento de Participación Cidadá e estado de modificación
 - Regulamento de cesión de uso/utilización de espazos e dependencias municipais do Concello de Narón

- Oficina de Transformación Comunitaria
- Solicitude cesión de equipamento tecnolóxico ás entidades sen ánimo de lucro

3. Revisión de temas de relevancia para o conxunto das entidades.

- Cumprimento dos Regulamentos · Dereitos e obrigas
- Co-gobernanza · Uso e xestión de espazos municipais
- Dinamización comunitaria · Visibilidade e difusión

4. Outros temas. Rogos e preguntas.

5. Peche.

DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

1. Benvida e rolda de presentación

Comezamos a sesión dando a benvida a todas as persoas asistentes e facendo unha rolda para que cada unha comparta de que entidade ou dende que rol está no Consello territorial e así poder coñecer un pouco máis sobre o estado da asociación presente e do resto de persoas participantes.

Dende a Asociación Ntra Señora Chamorro dáse conta da súa actividade que segue a estar centrada no centro ocupacional. De cara ao 2026 queren traballar en atención temperá infantil e seguen facendo presión para que se formalice o concerto coa Consellería de Benestar para poder contar cunha vivenda de 7 prazas pola que levan a agardar 6 anos. Outra das preocupacións da entidade e no que centran a súa actividade ten que ver con atender a necesidade residencial para persoas maiores xa que non contan con recursos propios na contorna o que as obriga a desvincularse das súas redes e da contorna familiar.

Por parte da entidade veciñal dáse a benvida por parte da secretaria da entidade quen escusa a ausencia da presidenta da Asociación Veciñal por motivos de saúde.

Continuamos co seguinte **punto informativo sobre varios asuntos de interese para as entidades** onde compartimos as seguintes cuestións.

1.- Regulamento de Participación Cidadá. Infórmase da aprobación inicial da modificación do Regulamento e que o prazo para facer suxestións/alegacións estivo aberto ata o 14 de novembro. Tamén se informa do que recolle o Regulamento en relación ás entidades cidadás municipais, en torno a dereitos e deberes, e a obriga de actualizar os datos no primeiro trimestre do ano.

Sobre este punto, o representante da Asociación Traballadores Pensionista di que

chega tarde que non se trouxo antes e que se vai aprobar sen saber o que se aproba e critica que se sigue sen dar participación activa á veciñanza.

2.- Regulamento municipal de cesión de uso/utilización de locais e dependencias municipais do Concello de Narón. Infórmase da existencia deste documento, e de que en caso de que outra entidade formara parte do CCS sería necesario implementar un Consello reitor para a xestión do espazo.

3.- Oficina de Transformación Comunitaria (OTC). Infórmase das funcións da OTC de Narón e de que estará dispoñible nos próximos meses para o asesoramento no desenvolvemento de iniciativas relacionadas coas enerxías renovables e de accesibilidade, e a creación de comunidades enerxéticas locais.

4.- Solicitud de cesión de equipamento tecnolóxico ás entidades sen ánimo de lucro. Infórmase de que o Concello de Narón colabora coa FEGAMP facendo de intermediario e facilitando a documentación e a xestión da solicitude de material informático por parte de entidades sen ánimo de lucro que o poidan precisar. A cesión terá lugar aproximadamente a finais do mes de febreiro.

A representante da Asociación Ntra Señora Chamorro indica que non lle consta ter recibido a información polo que solicita que se reenvie ao correo da mesma.

A respecto da cuestión tecnolóxica, o representante da Asociación Traballadores Pensionistas pregunta pola rede wifi no rural que no seu momento foi un grande investimento e quere saber se segue activo. O concelleiro responsable da área informa de que é un sistema que funcionou un tempo mais que quedou obsoleto xa que na actualidade na zona rural hai internet a través de fibra e todos os locais municipais teñen wifi.

3. Revisión de temas de relevancia para o conxunto de entidades.

Neste punto, o representante a Asociación Traballadores Pensionistas critica que non se cumpriron os acordos tomados hai 20 anos, cando se aprobou o primeiro regulamento. Este participante foi moi crítico coas dinámicas de participación no Concello e co propio Consello deixando constancia da súa posición en contra.

4. Outros temas. Tanto a entidade como as persoas representantes doutros partidos políticos achegaron dúbidas e suxestións en torno aos seguintes temas:

- Estrada de Baltar. O representante da Asociación Traballadores Pensionistas pregunta polo estado da estrada de Baltar, de acceso ao convento. Denuncia que xa se ten abordado e que o que se recibiu foi a calada por resposta. denuncia que parte desa obra se esfondou onte, que a carretera ten que estar valada e que leva 150 firmar recollidas para apoiar esta denuncia.
- Tamén denuncia incidencias na limpeza das cunetas. As máquinas de Urbaser

cando van rozando tiran as pedras á estrada. E o mal estado das cunetas provoca perigo de inundacións.

- A representante do Partido dos Socialista de Galicia interésanse pola ampliación do parque infantil para incluír a crianzas mais pequenas. Contéstase que é unha actuación que está en proceso.
- Denúncianse vertidos da Senda Ártabra. O Concello tan constancia e infórmase de que Cosma fixo un informe.

Peche.

Pecha a sesión Olga Ameneiro agradecendo a asistencia e participación tanto das representacións políticas como veciñais, e realiza un breve resumo sobre os apuntes e peticións recollidas. Por último, cóbrese a folla de rexistro de persoas participantes.

No Val a 24 de novembro de 2025